



No Salón de Actos da Casa do Concello, ás trece horas e trinta minutos do día vinte e seis de xuño de dous mil quince, para dar cumprimento ao disposto no art. 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais (Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro), reuníronse en sesión extraordinaria (á que foron previamente convocados) baixo a presidencia do Sr. Alcalde Don José Ángel Santos Sánchez, os señores concelleiros Don Mauro Faustino Mourín González, Dona María Isabel García Pacín, Don Jesús Julio Cortiña López, Dona Fátima Iglesias Núñez, Don Juan Carlos Casal Pena, Dona María Josefa Janeiro Vizcaíno, Dona María Ángeles Pilar López López, Don Álvaro Santos Ramos, Don José Antonio Barreiro Villar e Dona María de los Ángeles Martínez Martínez.

Asiste como Secretario o da Corporación, Don Julio González Casanova.

Unha vez aberto o acto polo Sr. Alcalde, dise que a presente sesión é un dos plenos máis importantes da lexislatura, xa que marca a pauta en liñas xerais do goberno na mesma, aínda que pode modificarse mediante outros acordos, no caso de que fose necesario. Seguidamente pasouse a tratar os asuntos incluídos na orde do día da sesión.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- Dáse conta ao Pleno do borrador da acta da sesión constitutiva da Corporación, celebrada o día trece de xuño do actual, repartido coa convocatoria. Polo Sr. Alcalde pregúntase aos señores concelleiros se están de acordo coa redacción da acta, ou queren facer algunha alegación ao respecto.

Á vista de que polos señores concelleiros non se desexa formular ningunha cuestión ao respecto, o Pleno do Concello, en votación ordinaria e por unanimidade **ACORDA** prestar aprobación ao borrador da acta da sesión constitutiva celebrada o día trece de xuño do actual.

2.- CONSTITUCIÓN DE GRUPOS POLÍTICOS.- Polo Sr. Alcalde dáse conta ao Pleno dos seguintes escritos presentados no Rexistro do Concello:

- Escrito asinado polos concelleiros do Partido Popular, que tomaron posesión dos seus cargos e manifestan o seu desexo de constituirse como Grupo Político Popular, designando portavoz a Don José Ángel Santos Sanchez, e primer suplente María Isabel García Pacín, segundo



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

suplente Don Juan Carlos Casal Pena e terceiro suplente Dona Fátima Iglesias Núñez.

- Escrito asinado polos concelleiros do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, comunicando a constitución do Grupo Municipal do Partido Socialista no concello de Friol, designando como voceiro municipal a Don Álvaro Santos Ramos, e D. José Antonio Barreiro Villar e Dona María de los Ángeles Martínez Martínez, como voceiros suplentes do Grupo Municipal Socialista.

No art. 23 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais dise que os membros das corporacións locais, a efectos da súa actuación corporativa, constituiranse en grupos. No art. 24, dise que os grupos políticos constituiranse mediante escrito dirixido ao Presidente e subscrito por tódolos seus integrantes, que se presentará na Secretaría Xeral da Corporación dentro dos cinco días hábiles seguintes á súa constitución. No escrito de constitución farase constar a designación de portavoz de grupo, podendo designarse tamén suplentes. No art. 25 dise que da constitución dos grupos políticos e dos seus integrantes e portavoces, o Presidente dará conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre, tras cumprirse o prazo previsto no número 1 do artigo. anterior.

A Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, refírese aos grupos políticos nos art. 74 e seguintes. No art. 74 dise que os concelleiros, para os efectos da súa actuación corporativa, constituiranse en grupos, que se corresponderán cos partidos políticos, federacións, coalicións ou agrupacións que obtivesen postos na corporación. Cada partido político, federación, coalición ou agrupación constituirá un único grupo. Ninguén poderá pertencer simultaneamente a máis dun grupo. No art. 75 dise que os grupos políticos constituiranse mediante escrito dirixido ao presidente e subscrito por tódolos seus integrantes, que se presentará na Secretaría da Corporación, dentro dos cinco días hábiles seguintes á constitución da corporación. No mesmo escrito de constitución farase constar a designación do voceiro do grupo, podendo designarse tamén suplentes. No párrafo 3 dise que da constitución dos grupos políticos e dos seus integrantes e voceiros, o presidente daralle conta ao Pleno na primeira sesión que se desenvolva tras cumprirse o prazo previsto anteriormente.

No art. 77 di que lle corresponde aos grupos políticos designar, mediante escrito do seu voceiro dirixido ao presidente, aqueles dos seus compoñentes que vaian representalos en tódolos órganos colexiados integrados por corporativos pertencentes aos diversos grupos.



Do que se da conta ao Pleno do Concello, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.

3.- RÉXIME DE SESIÓNS DO PLENO.- Polo Sr. Alcalde, propónse ao Pleno, co obxecto de dar cumprimento ao disposto no art. 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e no art. 46.2.a) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, a adopción do acordo no senso de que as sesións ordinarias do Pleno do Concello, se celebren o último xoves de cada trimestre, ás trece horas e trinta minutos, tendo lugar a primeira sesión ordinaria o 24 de setembro de 2015. No caso de que algunha das datas resultase coincidir en día festivo, a sesión celebraríase o día hábil inmediato anterior. Cando concurran razóns xustificadas, poderíase trasladar a data distinta dentro do mesmo mes, previa consulta cos voceiros dos grupos políticos con representación na corporación.

O Pleno do Concello, en votación ordinaria e por oito votos a favor (do Sr. Alcalde dos concelleiros do Grupo Popular) e tres votos en contra (dos concelleiros do Grupo Socialista) **ACORDA** prestar aprobación á proposta da Alcaldía anteriormente transcrita sobre o réxime de sesións do Pleno, proclamando seguidamente o Sr. Alcalde o acordo adoptado.

Con anterioridade á votación teñen lugar as intervencións ao respecto. Despois da exposición da proposta polo Sr. Alcalde, fai a súa intervención o concelleiro do Grupo Socialista Sr. Santos Ramos. Di que o seu grupo non apoiará a proposta presentada e invita a reflexionar sobre elo, xa que hai ao respecto cando menos, unha discrepancia xurídica, no que se refire á periodicidade das sesións, trimestral ou bimestral. A Lei de administración local de Galicia establece que os concellos celebrarán sesión ordinaria como mínimo cada dous meses. Engade que sin entrar no fondo da discusión xurídica sobre a aplicación da lei estatal ou autonómica, habendo Lei que o plantea, os plenos deberíanse celebrar cada dous meses, xa que favorece a participación, o debate político, a presentación de propostas, o dinamismo no funcionamento e evitaría a convocatoria de sesións extraordinarias, permitindo en resumo unha maior actividade política e representación da corporación. Continúa na súa intervención, dicindo que no que se refire aos horarios das sesións, debería fixarse outro horario para favorecer a asistencia do público que o desexe. Propón par elo un horario a partir das 20:00 horas da tarde.



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

O Sr. Alcalde di que a Lei Autonómica refírese á celebración de sesión cada dous meses e a estatal, que se entende que prevalece sobre a autonómica, cada tres meses. En lexislaturas anteriores, cando se celebraban as sesións cada dous meses, había sesións nas que unicamente se trataba a aprobación da acta da sesión anterior e os rogos e preguntas. Tendo en conta a experiencia da última lexislatura e dentro de unha política de austeridade no gasto, de aforrar onde se poda, aconsella seguir coa periodicidade de cada tres meses, sen prexuízo de que se convoquen sesións extraordinarias cando sexa necesario. Continúa na súa intervención, referíndose ao horario das sesións. Nun concello como Friol, no que a maior parte da poboación dedícase ao sector primario, non lle parece a mellor hora nin a primeira da mañá, nin a última da tarde, xa que son horas que se adican ao coidado do gando. Pensa que a proposta de celebrar as sesións as 13:30 horas, pouco antes de comer, é un horario axeitado, para quen queira asistir.

O concelleiro do Grupo Socialista Sr. Santos Ramos di que no que se refire ao horario, él propoñía ás oito do serán. No que se refire á periodicidade das sesións, reitera que hai unha discrepancia xurídica. Ao marxe de elo, é un indicativo da calidade democrática, da participación e da representación que se queira dar. Se hai vontade de diálogo e participación, non debería haber problema en atender a proposta de celebrar sesión cada dous meses. No que se refire á austeridade, non habería problema en reducir as indemnizacións por asistencia a sesión, facendo un cómputo para que o importe por asistencias de celebración das sesións cada dous meses non teña un custe superior á celebración cada tres meses, podendo dialogar e adoptar acordos ao respecto.

O Sr. Alcalde di que se pode convocar sesión extraordinaria en calquera momento, que sexa necesario tratar calquera asunto. Quere facer constar a total disposición para que cando os concelleiros do Grupo Socialista consideren necesario a convocatoria dun pleno por asuntos que afecten ao concello, non haberá problema en convocar tantas sesións extraordinarias como queiran. Ademáis, á vista das facultades que se delegan, nun concello como Friol non hai grandes temas a tratar, sendo suficiente a celebración de sesión cada tres meses, xa que os asuntos máis frecuentes son os que se refiren á xestión diaria e ás cuestións que por operatividade e axilidade na xestión se delegan. Polo tanto, e respectando a postura defendida polo concelleiro do Grupo Socialista, someterase a votación a proposta presentada pola Alcaldía sobre o réxime de sesión dos plenos. Coa súa intervención cégrase o debate e procédese á votación no senso



anteriormente indicado, proclamando seguidamente o Alcalde o acordo adoptado.

4.- CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS

PERMANENTES.- Pola Alcaldía elévase ao Pleno proposta de creación da **COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS**. A comisión, de existencia preceptiva, deberá estar integrada de xeito que a súa composición se acomode á proporcionalidade existente entre os grupos políticos representados na corporación. Débese estar ao cumprimento do disposto na vixente lexislación, correspondendo ao Pleno a determinación do seu número, así como a variación das mesmas durante o mandato corporativo. Aínda que non é posible acadar unha proporcionalidade exacta matematicamente, aparte do Alcalde que ostenta a Presidencia da Comisión, sempre lle correspondería ao Grupo Popular un número de membros superior ao do Grupo Socialista. Proponse ao Pleno a adopción do acordo no senso de que a comisión informativa estará formada polo Alcalde-Presidente e por tres concelleiros máis, dous do Grupo Popular e un do Grupo Socialista.

Polo Sr. Alcalde proponse que polo Grupo Popular, ademais do Alcalde, formen parte da comisión os concelleiros Don Mauro Faustino Mourín González e Dona María Ángeles Pilar López López e como suplentes Dona María Josefa Janeiro Vizcaino e Dona Fátima Iglesias Núñez.

Polo Grupo Socialista proponse que formen parte da comisión o concelleiro Don Álvaro Santos Ramos e como suplente, Don José Antonio Barreiro Villar.

Á vista do disposto nos art. 123, 124 e 125 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, de que polos señores concelleiros non se desexa facer máis intervencións ao respecto, e despois de subsanado un erro na proposta que se somete oralmente a votación polo Sr. Alcalde, o Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade **ACORDA** prestar aprobación á proposta, relativa á creación e composición da Comisión Especial de Contas, proclamando seguidamente o Sr. Alcalde o acordo adoptado.

5.- PROPOSTA DA CREACIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

- Polo Sr. Alcalde, de conformidade co disposto no art. 20 da lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e do art. 35 do Regulamento



de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, propónse ao Pleno, por motivos de eficacia, axilidade e operatividade da vida municipal, a creación da Xunta de Goberno Local, dentro do organigrama municipal. Aos devanditos efectos, a Xunta de Goberno celebrará sesión ordinaria con periodicidade semanal, tódolos luns, ás trece horas e trinta minutos, tendo lugar a sesión constitutiva o 29 de xuño de 2015. Se algún dos días coincidise en festivo, a sesión celebrarase o venres anterior.

Á vista de que polos señores concelleiros non se desexa facer intervencións ao respecto, o Pleno, en votación ordinaria e por oito votos a favor (do Sr. Alcalde e dos concelleiros do Grupo Popular) e tres abstencións (dos concelleiros do Grupo Socialista) **ACORDA** prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita sobre a Xunta de Goberno Local, proclamando seguidamente o Sr. Alcalde o acordo adoptado.

6.- DELEGACIÓNS DO PLENO NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.- Polo Sr. Alcalde, de conformidade co disposto no art. 22.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, no que se establecen as competencias do Pleno que poden ser delegadas na Xunta de Goberno Local, e por razóns de eficacia e operatividade, propónse ao Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

- 1- Delegar na Xunta de Goberno Local as seguinte atribucións:
 - O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da Corporación en materias de competencia plenaria
 - A declaración de lesividade dos actos do concello.
 - A concertación de operacións de crédito cuia coantía acumulada, dentro de cada exercicio económico exeda do 10% dos recursos ordinarios do presupostos, salvo as de tesourería cando o seu importe acumulado das operacións vivas desta natureza, incluída a nova operación, supere o 15 % dos recursos correntes liquidados no exercicio anterior, todo elo de conformidade co disposto na lei reguladora das facendas locais.
 - As competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, subministros, servizos, xestión de servizos públicos, contratos administrativos especiais e os contratos privados, así como adxudicación de concesións sobre os bens da corporación e a adquisición de bens inmoebles e dereitos suxeitos á lexislación do patrimonio, así como o alleamento do patrimonio, atribuídas ao Pleno do concello na disposición adicional segunda do Real Decreto lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, cando non requira para a súa aprobación maioría absoluta.
 - A aprobación dos proxectos de obras e servizos, cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estén previstos no presuposto.
 - A solicitude de calquera tipo de axudas e subvencións.
 - Aquelas outras competencias que expresamente lle atribúan ao Pleno e non esixan unha maioría especial para a súa aprobación.
- 2- O réxime xurídico aplicable á presente delegación será o previsto con carácter xeral na Lei 30/1992, de 26 de novembro e os art. 114 a 118 do Real Decreto 2568/1986, de 28



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

- 3- O presente acordo producirá efectos dende o día seguinte ao da súa adopción, sen prexuízo da súa publicación no B.O.P. de Lugo, conforme ao establecido no art. 151 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

Á vista de que polos señores concelleiros non se desexa facer intervencións nin formular ningunha cuestión ao respecto, o Pleno do Concello, en votación ordinaria e por oito votos a favor (do Sr. Alcalde e dos concelleiros do Grupo Popular) e tres abstencións (dos concelleiros do Grupo Socialista) **ACORDA** prestar aprobación ás delegacións das competencias do Pleno, propostas pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local, proclamando seguidamente o Sr. Alcalde o acordo adoptado.

7.- COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA EN MATERIA DE NOMEAMENTOS DOS TENIENTES DE ALCALDE, MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO E DAS DELEGACIÓNS CONCEDIDAS POLA ALCALDÍA.- En cumprimento do preceptuado polo art. 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, de orde do Sr. Alcalde, polo Secretario dase conta ao Pleno das Resolucións da Alcaldía, que se transcriben a continuación:

“DON JOSÉ ÁNGEL SANTOS SÁNCHEZ, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE FRIOL, PROVINCIA DE LUGO

De conformidade coas facultades e atribucións que me son conferidas polo art. 46 do Real Decreto legislativo 2568/86 de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e polo art. 62 da Lei 5/97 de 22 de xullo, de administración local de Galicia

DECRETO:

- Nomear **TENIENTES DE ALCALDE** aos seguintes concelleiros:
 - Primeiro Teniente de Alcalde.- Dona María Isabel García Pacín.
 - Segundo Teniente de Alcalde.- Don Juan Carlos Casal Pena.
 - Terceiro Teniente de Alcalde.- Don Jesús Julio Cortiña López.
- Aos Tenientes de Alcalde, en canto tales, corresponderalles substituír na totalidade das súas funcións e pola orde do seu nomeamento, ao Alcalde, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que lles imposibilite para o exercicio das súas atribucións, así como desempeñar as funcións de Alcalde nos supostos de vacante da Alcaldía ata que tome posesión o novo Alcalde.
- Da presente Resolución darase coñecemento ao Pleno na primeira sesión que se celebre. Ademais notificarase persoalmente aos designados e publicarase no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ao da presente resolución, conforme se indica na lexislación vixente.

O que manda e asina en Friol a 19 de xuño de 2015”.

“DON JOSÉ ÁNGEL SANTOS SÁNCHEZ, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE FRIOL, PROVINCIA DE LUGO



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

De conformidade coas facultades que me son conferidas nos art. 23 da Lei 7/82, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, art. 65 da Lei 5/97 de 22 de xullo, de administración local de Galicia e polo art. 52 do Real Decreto 2568/86 de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais

DECRETO:

- Que no caso de que polo Concello Pleno se acordase a creación da Xunta de Goberno deste Concello, que a mesma quede composta polas seguintes persoas:
 - Presidente.- O Alcalde Don José Ángel Santos Sánchez.
 - Membros: os Tenentes de Alcalde Dona María Isabel García Pacín, Don Juan Carlos Casal Pena e Don Jesús Julio Cortiña López.
- Da presente resolución darase coñecemento ao Pleno do Concello na primeira sesión que se celebre, notificándose persoalmente aos designados e publicarase no Boletín Oficial da Provincia.

O que manda e asina en Friol a 19 de xuño de 2015”.

“DON JOSÉ ÁNGEL SANTOS SÁNCHEZ, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE FRIOL, PROVINCIA DE LUGO

De conformidade coas atribucións que me son conferidas polos arts. 43 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, coa finalidade dunha maior eficacia na xestión.

DECRETO

- Que sen prexuízo das delegacións e atribucións que se confire á Xunta de Goberno, realízanse as delegacións que se detallan, nos concelleiros que a continuación se citan:
 - Don Mauro Faustino Mourín González: **DELEGADO DE SANIDADE, CONSUMO E MEDIO AMBIENTE**, que se encargará de dirixir, xestionar e promover tódolo referente a estes temas.
 - Dona M^a Isabel García Pacín: **DELEGADA DE TRABALLO E SERVIZOS SOCIAIS**, que se encargará de dirixir, xestionar e promover tódolo referente a estes temas.
 - Don Jesús Julio Cortiña López, **DELEGADO DE MEDIO RURAL, OBRAS, FEIRAS E MERCADOS**, que se encargará de dirixir, xestionar e impulsar todolo aos ámbitos da delegación, en especial inspeccionar as obras e servizos, así como o referente ás feiras e mercados que se celebren no Concello e a xestión do Mercado Gandeiro. Ademais da delegación no referente a estes temas, o delegado terá a facultade de despacho e sinatura dos asuntos administrativos ordinarios
 - Dona Fátima Iglesias Núñez, **DELEGADA DE CULTURA, XUVENTUDE E ATENCIÓN CIUDADÁ**, que se encargará de dirixir, xestionar e promover todolo referente a estes temas. A delegación inclúe a asignación do despacho e sinatura dos asuntos administrativos ordinarios.
 - Don Juan Carlos Casal Pena: **DELEGADO DE URBANISMO**, sendo o seu cometido dirixir, xestionar e impulsar tódolo referente ao ámbito da delegación.
 - Dona María Josefa Janeiro Vizcaino: **DELEGADA DE EDUCACIÓN E DEPORTES**, encargándolle a dirección, xestión e impulso de todolo referente a estes temas.
 - Dona M^a Ángeles Pilar López López, **DELEGADA DE ECONOMÍA E FACENDA**, que se encargará de dirixir, xestionar e promover tódolo referente a estes temas.



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

Da presente resolución darase coñecemento ao Pleno na primeira sesión que se celebre. Ademais notificarase persoalmente aos interesados e publicarase no BOP, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ao da presente resolución.

O que manda e asina en Friol a 19 de xuño de 2015”.

“DON JOSÉ ÁNGEL SANTOS SÁNCHEZ, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE FRIOL, PROVINCIA DE LUGO

De conformidade coas facultades que me son conferidas nos art. 23 da Lei 7/82 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e polo art. 52 do Real Decreto 2568/86 de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais

DECRETO:

- 1- Que no caso de que polo Concello Pleno se acordase a creación da Xunta de Goberno deste Concello, á mesma corresponderíalle as seguintes atribucións:
 - a) A asistencia permanente ao Alcalde no exercicio das súas atribucións.
 - b) As atribucións que lle delegue o Pleno do Concello.
 - c) As seguintes funcións delegadas pola Alcaldía:
 - Aprobar os instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídos ao Pleno, así como os instrumentos de xestión urbanística e proxectos de urbanización.
 - Informar e outorgar todo tipo de licencias, agás as que leis sectoriais atribúan ao Pleno. Concretamente e de conformidade co disposto na lei 9/2013 de emprendemento e competitividade económica de Galicia, delégase o outorgamento de licencias urbanísticas, así como as licencias de apertura e as suxeitas a avaliación de incidencia ambiental, ou autorización ambiental integrada. Delegáse tamén a toma de razón de declaración responsable ou comunicación previa nas licencias de obras e apertura de establecementos. Delégase tamén o outorgamento de licencias ou toma de razón de declaración responsable ou comunicación previa, en materia de espéctáculos e establecementos públicos, coa excepción da autorización de bailes e verbenas populares e similares. Delégase tamén as autorizacións para ocupación e uso especial dos bens de dominio público.
 - As correspondentes en canto órgano de contratación, respecto a contratos de obras, subministro e servizos, xestión de servizos públicos, contratos administrativos especiais e os contratos privados, en coantía superior a 9.000 € e dentro dos límites establecidos da competencia da Alcaldía, na disposición adicional segunda do Real Decreto lexislativo 3/2011 de 14 de novembro (polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público) ou sexa, cando o seu importe non supere o 10% dos recursos ordinarios do presuposto, nin en calquera caso, a coantía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do presuposto do primeiro exercicio, nin a coantía sinalada. Delégase tamén a aprobación dos proxectos de obras ou servizos, cando sexa competente para a súa contratación.
 - A adxudicación de concesións sobre os bens das entidades locais e a adquisición de bens inmoables e dereitos, suxeitos á lexislación patrimonial, así como a enaxenación do patrimonio, dentro dos límites establecidos da competencia da Alcaldía, na disposición adicional segunda do Real Decreto



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público.

- En materia de gastos, delégase a autorización e disposición de gastos, para pagos por importe superior aos 9.000€, así como a súa aprobación dos mesmos. Delégase tamén o recoñecemento e liquidación de obrigas nos supostos nos que a autorización dos gastos corresponda á Xunta de Goberno. Exceptúanse:
 - Haberes e retribucións do persoal do concello, así como os gastos derivados das cotizacións á Seguridade Social ou a Facenda Pública
 - Asistencias, gastos de locomoción de dietas dos cargos electos.
 - Os servizos de enerxía eléctrica, telefónica e similares, que se liquiden con arranxo a tarefas oficialmente aprobadas.
 - Os importes de intereses e amortización de préstamos.
- En materia de ingresos, delégase a aprobación de padróns, matrículas e listas cobratorias de impostos municipais, taxas e prezos públicos, así como a aprobación da liquidación de ingresos derivados de licencias ou autorizacións delegadas na Xunta de Goberno Local.
- d) Tódalas competencias que a normativa estatal ou da Comunidade Autónoma asigne ao Concello e non se atribúan expresamente a outros órganos municipais.

- 2- Da presente resolución darase coñecemento ao Pleno do Concello na primeira sesión que se celebre, notificándose persoalmente aos membros da Xunta de Goberno (designados por Resolución de 18 de xuño do actual) e publicarase no Boletín Oficial da Provincia.

O que manda e asina en Friol a vintedous de xuño de dous mil quince”

Das delegacións conferidas dase conta ao Pleno, en cumprimento do disposto na vixente lexislación, aos efectos oportunos e sen perxuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e da súa efectividade desde o día seguinte ao da data da sinatura das devanditas resolucións polo Sr. Alcalde.

8.- NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS.- Pola Alcaldía propónse ao Pleno do Concello os nomeamentos que a continuación se relacionan, como representantes da Corporación en órganos colexiados:

- Dona María Josefa Janeiro Vizcaino, como representante do Concello no Consello Escolar do Colexio Público "Doctor López Suarez".
- Dona Fátima Iglesias Núñez como representante do Concello na Asociación Terras do Miño.
- Dona María Ángeles Pilar López López, como representante do Concello na Asociación Terras de Lugo.



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

Seguidamente, á vista das propostas, procédese a efectuar a votación, en orde á elección de representantes do Concello nos órganos colexiados. O Pleno do Concello, en votación ordinaria e por oito votos a favor (do Sr. Alcalde e dos concelleiros do Grupo Popular) e tres abstencións (dos concelleiros do Grupo Socialista) **ACORDA:**

- Prestar aprobación ás propostas da Alcaldía, de representantes da Corporación en órganos colexiados.
- Dar traslado do nomeamento de representante a cada un dos órganos colexiados, do que deban formar parte.

Con anterioridade á votación procedeuse a un breve turno de intervencións. Unha vez formulada a proposta pola Alcaldía, o concelleiro do Grupo Socialista Sr. Santos Ramos pon de manifesto que a súa postura será a de abstención, xa que non lle aparece oportuno discutir a idoneidade ou non das persoas propostas para o papel que lles toca, desexando que o fagan ben. Á vista de que non se desexa facer máis intervencións ao respecto, polo Sr. Alcalde céntrase o debate e procédese á votación, no senso anteriormente indicado.

A continuación, polo Sr. Alcaldeponse de manifesto que os tres puntos seguintes, referidos á cuestión de índole económica trataranse conxuntamente, como acordou previamente á celebración da sesión co portavoz do Grupo Socialista, sen que polos señores concelleiros se formule ningunha observación ao respecto.

ASIGNACIÓN DE DEDICACIÓNS A MEMBROS DA CORPORACIÓN.-

Ao abeiro do establecido no art. 13 do Real Decreto 2568/86 de 28 de novembro (Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais) e do art. 75 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, propónse ao Pleno, establecer como cargos que levarán aparelada réxime de dedicación os seguintes para a presente lexislatura:

- A Alcaldía-Presidencia, que será desempeñada por Don José Ángel Santos Sánchez, en réxime de dedicación parcial, cunha dedicación de 30 horas semanais, ás tarefas propias do cargo, que poderán variar segundo as necesidades dos servizos, retribuirase cun importe bruto anual de 30.000€, distribuído en 12 pagas ordinarias e 2 extraordinarias nos meses de xuño e decembro. Quen ostente o cargo darase de alta no réxime xeral da Seguridade Social, asumindo



o concello a cota empresarial que corresponda. O importe da dedicación actualizarase anualmente conforme ás previsións que nas Leis de Presupostos do Estado se determinen para o persoal da administración pública.

- A Delegada de Cultura, Xuventude e Atención Cidadá, que será desempeñada pola concelleira Dona Fátima Iglesias Núñez, en réxime de dedicación parcial, de 20 horas semanais, ás tarefas propias do cargo, que non obstante poderán variar segundo as necesidades do servizo, retribuirase cun importe bruto anual de 18.000€, distribuído en 12 pagas ordinarias e 2 extraordinarias nos meses de xuño e decembro. Quen ostente o cargo darase de alta no réxime xeral da Seguridade Social, asumindo o concello a cota empresarial que corresponda. O importe da dedicación actualizarase anualmente conforme ás previsións que nas Leis de Presupostos do Estado se determinen para o persoal da administración pública.

ASISTENCIAS E INDEMNIZACIÓNS AOS MEMBROS DA CORPORACIÓN.

- Ao abeiro do establecido no art. 75 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, en relación coas indemnizacións dos membros da corporación, propónse ao Pleno a adopción do acordo de manter as mesmas cantidades destinadas a asistencias e indemnizacións aos membros da corporación que foron establecidas nas anteriores lexislaturas, de conformidade a continuación se transcribe:

- 1- Por asistencias a sesións plenarias, os concelleiros que non teñan dedicación exclusiva nin parcial, recibirán por asistencia a sesión unha indemnización de 100,00€ por sesión.
- 2- Por asistencia á Xunta de Goberno Local, a comisións e reunións de órganos colexiados dos que formen parte, os concelleiros que non teñan dedicación exclusiva nin parcial, percibirán unha indemnización de 60,00€ por cada asistencia.
- 3- Comisión de servizos.- Cumprindo en todo caso os criterios establecidos no art. 12 do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.
 - Dieta completa: 180,00€: Sería aquela que requirira unha dedicación de xornada completa con pernocta fora do enderezo.
 - Media dieta: 90,00€: sería aquela que requirira a saída fora da provincia ou unha dedicación de máis de media xornada.
 - Dieta reducida: 45,00€: viaxes fora do concello, que requiriran unha dedicación non superior á media xornada.



- 4- Quilometraxe: Os gastos de locomoción que se produzan como consecuencia de desprazamentos por comisión de servizos ou xestións oficiais dispostos pola corporación, polo seu Presidente ou outros órganos competentes, serán aboados previa a presentación dos correspondentes xustificantes. No caso de utilización para o desprazamento de vehículo propio, farase efectiva a razón de 0,25€/km percorridos.

DOTACIÓNS ECONÓMICAS A GRUPOS POLÍTICOS.- Polo Sr. Alcalde dáse conta do disposto no art. 73 da Lei 7/85 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, según o que o Pleno poderá asignar aos grupos políticos unha dotación económica, que deberá contar cun compoñente fixo e outro variable, en función do número de membros de cada un deles, dentro dos límites que, no seu caso, establezan as Leis de Presupostos Xerais do Estado.

Á vista do disposto no artigo de referencia, propónse ao Pleno a adopción do acordo de **MANTER AS CANTIDADES APLICADAS Á DOTACIÓN ECONÓMICA A GRUPOS POLÍTICOS, APLICANDO AS MESMAS QUE SE VEÑEN APLICANDO NA LEXISLATURA 2007-2011/ 2011-2015** conforme a continuación se transcriben:

- 1- A dotación ós Grupos Políticos, será en función das seguintes coantías:
- Unha cantidade fixa de 60 € mensuais por Grupo.
 - Unha cantidade variable, en función do número de concelleiros, de 100€ mensuais por cada concelleiro.
- 2- Os pagos aos Grupos faranse con carácter mensual, con efectos desde a constitución dos grupos políticos na actual lexislatura, xa que de conformidade co disposto na vixente lexislación de procedemento administrativo, poderá outorgarse eficacia retroactiva aos actos das administracións públicas e procedemento administrativo común, cando produzan efectos favorables ao interesado, sempre que os supostos de feitos existiran xa na data á que se retrotraiga a eficacia do acto e ésta non lesione dereitos ou intereses lexítimos doutras persoas.



- 3- O importe da dotación establecida non poderá destinarse ao pago de remuneracións de persoal de calquera tipo ao servizo da Corporación, ou a adquisición de bens que poidan constituir activos fixos de carácter patrimonial.
- 4- Os Grupos deberán levar unha contabilidade específica da dotación establecida, que se poñerá a disposición do Pleno, sempre que éste o solicite.

Á vista das propostas anteriormente transcritas, o Pleno do Concello, en votación ordinaria e por por oito votos a favor (do Sr. Alcalde e dos concelleiros do Grupo Popular) e tres abstencións (dos concelleiros do Grupo Socialista) **ACORDA** prestar aprobación ás propostas da Alcaldía anteriormente transcritas sobre as asignacións de dedicacións a membros da corporación, asistencias e indemnizacións aos membros da corporación e dotacións aos grupos políticos, proclamando seguidamente o Sr. Alcalde os acordos adoptados.

Con anterioridade á votación, procedeuse ao turno de intervencións. Despois dunha breve exposición do Sr. Alcalde sobre os asuntos propostos, e reiterando que consensou co portavoz do Grupo Socialista tratar conxuntamente estes temas, para non alargar moito os debates, e poñendo de manifesto que nas asistencias, indemnizacións e dotación aos grupos non se incrementan con respecto á anteriores lexislaturas, comenza a súa intervención o portavoz do Grupo Socialista Sr. Santos Ramos. Comenza preguntando polas horas de dedicación aos membros da Corporación, xa que ten alguna dúbida ao respecto, poñéndose de manifesto que hai erros de transcripción na proposta, xa que a dedicación do Alcalde fíxase en 30 horas semanais e a da concelleira en 20 horas semanais. Unha vez aclarado o tema, di que non vai discutir o tema desde o punto de vista cuantitativo, senón cualitativo. Considera que o Alcalde debe ter dedicación plena ao concello, con independencia do salario que deba poñerse, xa que teñen facultades para elo. Fai fincapé na dificultade da xestión do tempo, de estar presentes en todas as actuacións que requiran a súa presenza, polo que reitera debe ter unha dedicación absoluta. Os outros aspectos non os vai valorar. Tendo en conta as competencias conferidas, tampouco parece axeitado o horario resultante da mesma, que debe ser o máis amplo posible ou adecualo ás cuestións que se irán desenvolvendo nos vindeiros días. No que se refire ás asistencias a sesións, mantén a vontade de analizar as mesmas, de conformidade coa cuestión debatida no punto terceiro, polo que non pode estar totalmente de acordo. No que se refire ás dotacións aos grupos políticos, a lei recolle a mesma do mesmo xeito que se fai a



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

proposta, cunha componente fixa e unha variable. Quere vincular o tema a unha solicitude ao Alcalde, que podería mellorar a eficiencia económica do concello. Se fose atendida a petición do Grupo Socialista de local de dimensións suficientes, sería unha cuestión que se podería debatir. En caso contrario a dotación debería ser máis axeitada para suplir esta carencia. Na casa do concello ou en outras dependencias municipais, seguro que hai locais, e poderíase avaliar doutro xeito, con máis tempo e flexibilidade.

O Sr. Alcalde, ao respecto da súa dedicación asegura e dalle palabra de que será permanente, as 24 horas de todos os días do ano, atenderá ás cuestións do concello. Ademais das cuestións que poidan xurdir en calquera momento, quere que en horario de oficina non quede ninguén sin atender, por eso se opta por establecer dúas dedicacións, para que os veciños estén sempre atendidos e perdan o menor tempo posible, ademais de realizar as xestións que sexan precisas en Lugo, Santiago, etc, ante calquera outro organismo ou administración. No que se refire ás dietas, di que son para todos, tanto goberno como oposición, polos cometidos que teñan que desempeñar dentro da súas funcións. No que se refire á dotación dos grupos di que tampouco sufren incremento. No que se refire á petición de un local, di que as instalacións do concello son limitadas. Non hai espazo suficiente, tendo que compartir salas os delegados. No caso de que se poidera habilitar espazo, estarían dispostos a cederllo, pero non é o caso.

O concelleiro o Grupo Socialista Sr. Santos Ramos di que non hai vontade de entrar a debatir outras opcións, sen que desexe facer máis intervencións ao respecto. A vista de que non se desexa facer máis intervencións, polo Sr. Alcalde, cérrase o debate e procédese á votación, no senso anteriormente indicado, proclamando o Sr. Alcalde os acordos adoptados.

Á vista de que non hai mas asuntos que tratar na orde do día, polo Sr. Alcalde levántase a sesión, sendo ás catorce horas e quince minutos da data ao principio indicada, de tódolo que eu, Secretario, redacto acta e dou fe.